



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82 // C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

DECRETO DA ALCALDÍA

ASUNTO: CONVOCATORIA DE SESIÓN DO PLENO 4/2020 , EXTRAORDINARIA, 15 DE XUÑO DE 2020

EXPEDIENTE: 2020/G003/000244

ASUNTO: Convocatoria

ÓRGANO COLEXIADO: Pleno

Nº SESIÓN: 4/2020

CARÁCTER: Extraordinaria (luns 15 de xuño de 2020, ás 20:30 horas)

En uso da atribución que me conferen os artigos 21.1.c) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e 82.1 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, tendo en conta a necesidade de adoptar os acordos que se proponen dentro dos prazos establecidos en cadanseu expediente e, no tocante ao asunto indicado no primeiro punto da orde do día, segundo o esixido no texto vixente do artigo 26.4 da Lei Orgánica 5/1985, de 19 de xuño, do Réxime Electoral Xeral (aplicable por remisión da DF1ª da Lei 8/1985, do 13 de agosto, de eleccións ao Parlamento de Galicia), para a realización do sorteo requirido para a designación das persoas que haberán de integrar as mesas que actuarán nas eleccións ao Parlamento de Galicia convocadas para o 12 de xullo de 2020, **convoco sesión extraordinaria do Pleno para o luns 15 de xuño de 2020, ás 20:30 horas** (ou dous días hábiles despois á mesma hora en segunda convocatoria, en caso de non existir o quórum esixido na primeira) no Salón de Sesións da Casa do Concello coa seguinte

ORDE DO DÍA

1.-Sorteo para a designación dos/as membros das mesas que haberán de actuar nas eleccións ao Parlamento de Galicia do 12 de xullo de 2020 (artigo 26 da Lei Orgánica 5/1985, do réxime electoral xeral, por remisión da DF1ª da Lei 8/1985, do 13 de agosto, de eleccións ao Parlamento de Galicia).

2.- Proposta da Alcaldía ao Pleno para a ratificación do seu decreto de participación do Concello de Carral no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) , da Deputación Provincial da Coruña POS+2020 ADICIONAL 1-2020, para o financiamento de gastos sociais extraordinarios derivados do COVID 19.

3.- Proposta da Alcaldía ao Pleno para a ratificación do seu decreto de participación do Concello de Carral no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) , da Deputación Provincial da Coruña POS+2020 ADICIONAL 2-2020, para gastos correntes.

4.- Proposta da Alcaldía ao Pleno para a ratificación dos seus decretos de aprobación das respectivas versións definitivas dos proxectos das obras Acondicionamento do pavillón polideportivo municipal do Espiño, Construción de muro de contención de granito e acondicionamento da contorna para aparcadoiro no lugar de Baceo (Santa Baía de Cañas) e Mellora de senda peonil para acceso á Área Recreativa da Brexa, e do seu decreto de



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

modificación de erro material na aprobación do proxecto da obra Construción de muro de contención de granito e acondicionamento da contorna para aparcadoiro no lugar de Babelo (Santa Baia de Cañas), que conleva a modificación da solicitude xeral (con detración do importe solicitado para gastos correntes). (Todos eles incluídos na solicitude de participación do Concello de Carral no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+2020, da Deputación Provincial da Coruña).

5.- Proposta de acordo provisorio para a modificación da ordenanza fiscal reguladora da taxa pola utilización das instalacións deportivas e culturais municipais (para incluír a tarifa pola utilización das pistas de pádel municipais unha vez cubertas e dotadas de iluminación artificial).

6.- Proposta da Alcaldía ao Pleno para a aprobación inicial do orzamento xeral do Concello para o ano 2020.

Notifíquese a presente resolución a todos/as os/as sres/as. concelleiros/as da Corporación, advertíndolles que, conforme ao disposto no artigo 12.1 do citado RD 2568/86 do 28 de novembro, deberán comunicar coa antelación necesaria calquera causa xustificada que implique a imposibilidade de asistir á citada sesión.

Póñase a disposición dos/as sres/as. concelleiros/as convocados a documentación dos asuntos incluídos na orde do día na Secretaría do Concello (titular ou accidental) a partires da notificación da convocatoria.

En calquera caso, **a sesión presencial deberá realizarse con estrito cumprimento das medidas sanitarias establecidas polo Ministerio de Sanidade do Goberno da Nación, vixentes no día desta convocatoria, como segue (ou as que as substitúan, no seu caso, ditadas pola Xunta de Galicia, se así se lle encomenda na fase 3 de desescalada na crise sanitaria derivada do COVID-19):**

1).- A “Orden SND/399/2020, de 9 de mayo, para la flexibilización de determinadas restricciones de ámbito nacional, establecidas tras la declaración del estado de alarma en aplicación de la fase 1 del Plan para la transición hacia una nueva normalidad”, no seu texto vixente na data tralas súas diversas modificacións (a última das cales-ata a data- realizouse por medio da “Orden SND/458/2020, de 30 de mayo, para la flexibilización de determinadas restricciones de ámbito nacional establecidas tras la declaración del estado de alarma en aplicación de la fase 3 del Plan para la transición hacia una nueva normalidad.”, publicada no BOE nº 153, do 30 de maio de 2020, e que inclúe ás catro provincias da Comunidade Autónoma de Galicia no seu ámbito de aplicación, establece:

a).- No seu artigo 2.2.par 2º: **“No podrán hacer uso de dichas habilitaciones, ya sea para reincorporarse a su puesto de trabajo o para acudir a los locales, establecimientos, centros, o realizar las actividades a que se refiere esta orden, las personas que presenten síntomas o estén en aislamiento domiciliario debido a un diagnóstico por COVID-19, o que se encuentren en período de cuarentena domiciliaria por haber tenido contacto estrecho con alguna persona con síntomas o diagnosticada de COVID-19.”**, polo que todas as



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

persoas que asistan á sesión deberán declarar responsablemente que non se atopan nesa situación.

b).- En canto ao aforo do local do Salón de Plenos, a referida norma establece no seu artigo 16 o seguinte:

*“Artículo 16. **Medidas en materia de aforo para los establecimientos y locales abiertos al público.***

*1.-Los establecimientos y **locales deberán exponer al público el aforo máximo de cada local y asegurar que dicho aforo, así como la distancia de seguridad interpersonal de dos metros se respeta en su interior.***

*2.-Para ello, los establecimientos y locales deberán establecer sistemas que permitan el recuento y control del aforo, de forma que **éste no sea superado en ningún momento, y que deberá incluir a los propios trabajadores.** (...).”*

Por tanto, na sesión non se poderá superar o aforo establecido nas condicións fixadas na norma indicada, entre membros da Corporación, traballadores municipais e público sistente.

3.- Por outra banda, en previsión de que, polas características do local do salón de Plenos da Casa do Concello, non se poida garantir a distancia interpersoal esixible durante toda a realización da sesión (entrada e saída de asitentes incluída) **todas as persoas que asistan á sesión deberán portar a correspondente mascarilla**, de acordo co establecido no artigo 3 da Orde SND/422/2020, do 19 de maio, pola que se regulan as condicións para o uso obrigatorio de mascarilla durante a situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19. (BOE 142, do 20 de maio de 2020), que indica que **“El uso de mascarilla será obligatorio en la vía pública, en espacios al aire libre y en cualquier espacio cerrado de uso público o que se encuentre abierto al público, siempre que no sea posible mantener una distancia de seguridad interpersonal de al menos dos metros.”**.

Carral, na data de sinatura dixital que figura á marxe

O ALCALDE

Francisco Javier Gestal Pose

Visto o decreto,

O SECRETARIO

Diego García Doval